



## *Manola Porto, 11 de agosto de 2014*

*Ainda non podo crer que estea exercendo de pregoeira das festas patronais de Monforte. Para min é unha honra, pero tamén un privilexio inmerecido. Creo sinceramente que hai moita xente máis meritoria ca min para exercer esta responsabilidade. Ainda que esto soe a frase feita, xa dita por pregoeiros anteriores.*

*Xa que estou, agradezco o convite e vaia este pregón por toda esa xente que tan ben me trata e me acolleu como unha monfortina máis, nos 23 anos que levo neste concello. Por todos os que neste tempo me deron agarimo, me transmitiron confianza e fixeron que me sinta querida. Aqueles que me permitiron entrar nas súas casas, a través dos medios nos que traballei, para que lles contase o que pasaba en Monforte e comarca.*

*Cheguei a Monforte no outono de 1991 para exercer de xornalista. Con moitas gañas de traballar e aprender co obxectivo de facelas cousas o mellor posible. Sempre tentei ser respectuosa cos ointes e o máis honesta posible co meu traballo. Estou segura de que é a mesma meta que se marcan o resto dos compañeiros e compañeiras que exercen eiquí na procura do acontecer diario para mantelos informados. Eu non fixen nada diferente ó que fan eles. O único que cambia son os medios utilizados, no meu caso a radio e a televisión, dous potentes medios que facilitaron que me coñeza máis xente, que me recoñezan moitos de vostedes, pero nada máis. Así que, si é polo traballo feito, hai grandes*



profesionais que teñen tantos méritos coma min para estar eiquí. Permitanme polo tanto que este acto sirva para reivindicar o labor dos medios, o traballo dos que no ámbito local exercen xornada tras xornada de notarios da actualidade e de que me lembre dos compañeiros que tiveren en Radio Principal e TV7.

E vai este pregón tamén por meus pais, pola familia, que me animou a aceptar este reto. Estaba con eles cando me chamou o alcalde para pedirme, ante a miña sorpresa, que fora a pregoeira das festas patronais deste ano. O primeiro que lle dixen foi que non pero el deume tempo para que o pensara. Colguei o teléfono convencida de que por moitos días que me dera para reflexionar, a resposta seguiría sendo non e así llo contei ós de casa que foron os primeiros en decirme que debía aceptar. Recurrín entón ó círculo de amigos máis próximo agardando que estes avalaran a miña negativa, pero nada máis lonxe da realidade, todos os consultados coincidiron no contrario, en que dixera que sí. Así que ... eiquí estamos!

Teñen diante unha monfortina, non de nacemento pero si de corazón, que tenta agradalos e seguir contando co seu respecto.

Enfróntome a unha responsabilidade, esta do pregón, que enchería de satisfacción a un tío meu que pasou por estas terras antes de que chegara eu. Un irmán da miña avoa paterna, escolapio, Vicente García, que deu clases a varias xeracións de monfortinos a moitos dos cales lembraba con grande agarimo e dos que me falaba cando empecei a traballar en MONFORTE. Cada vez que conversábase íbame dando nomes dos que foran os seus alumnos. Facía memoria á vez que me pedía que lle fora explicando como estaba o colexio. Unha das cousas que máis lle sorprendeu,



dos cambios que eu lle iba contando, foi a transformación en Parque dos Condes da antiga horta, pola que tanto el paseara. Interesábase por outras obras que se facían na cidade, por cantos días de néboa tivéramos na semana ou por si conxelara o río. O frío que pasou nos duros invernos dos anos que estivo no colexio era algo que lembraba ben e sobre o que máis me alertou cando soubo que atopara aquí traballo. El xa non tivo oportunidade de vir a MONFORTE estando eu eiquí pero si tiveron ocasión de coñecer algún dos seus alumnos e repasar anécdotas por el vividas cun grande amigo e compañeiro seu, o pai Esteban Martínez, unha eminencia a quen seguro moitos de vostedes lembran con agarimo. Chegaran xuntos pero mentras que meu tío foi trasladado a outros centros espallados por diversos puntos do país, o pai Esteban case que esgotou eiquí os seus días.

Pero "o padre Vicente", como o coñecían, non foi o único familiar meu que pasou por Monforte antes de chegar eu. El mesmo foi o encargado de traer a estudar ó colexio a un sobriño, un irmán de meu pai, o que é meu padriño. Agardaba que seguira os seus pasos como escolapio pero quedou no camiño. Eso si, meu padriño, que solo estivo un ano neste colexio, garda con grande precisión na súa memoria os momentos que eiquí viviu como interno. Momentos que o deixaron marcado e que recolle nun libro.

Cando viñen para Monforte tamén me falaba desta cidade meu avó. Durante o ano que pasou meu padriño, que daquela tiña 9 anos, interno nos Escolapios, veu a velo en varias ocasións. De esas visitas meu avó lembraba o magnífico edificio no que estaba o colexio, unha cidade con moito tráfico ferroviario, con moi bó calzado e a grande cantidade de mulleres que había lavando roupa nas marxes do río Cabe.



*Cando cheguei eu no outono de 1991, mulleres lavando no río quedaban tan só nalgunha que outra fotografía antiga, ou na memoria da xente de máis idade. Neste tempo a cidade foi mellorando, cambiando de imaxe, modernizándose. A calidade do calzado da que falaba meu avó, mantense, segue sendo unha realidade, pero deste sector o que desgraciadamente a min me tocou contar e que da ducia de fábricas que eiquí había, hoxe solo quedan duas. Respecto ó tráfico ferroviario, o que vivín eu nos anos que levo en Monforte, foi o paulatino desmantelamento sufrido neste sector. A verdade e que me tocou vivir nesta cidade nunha época máis de perda que de prosperidade.*

*¡Polo Nadal tocou a lotería pero, ata agora, tampouco se deixou sentir moito pese ó gran premio repartido!*

*Mantémonos nun limbo raro. Temos moitas potencialidades, estamos estratexicamente situados, recolleemos múltiples promesas de proxectos imprescindibles para o desenvolvemento futuro... pero pasa o tempo... e nada. Temos xente con gañas, mocidade preparada que desgraciadamente seguimos deixando que marche. Xa toca que cambien as cousas, que poidamos recuperar o protagonismo que noutras épocas tivemos. Debemos ser positivos e optimistas e pensar que Monforte ten moito futuro, que eiquí se poden facer moitas e grandes cousas como se foron facendo ó longo da historia. Estou convencida de que temos capacidade para elo e gustaríame que as monfortinas e os monfortinos tamén o creran así. E pediría que non retrasen axuda aqueles que teñen responsabilidades e poden votar unha man. Que non nos fagan esperar máis.*



Respecto ás festas, moitos dos pregoeiros que me precederon aproveitaron este acto para facer memoria e contar as súas lembranzas dos festexos. As miñas lembranzas non son tan abondosas como as deles. Eu nacín na provincia de OURENSE, nun pobo que se chama Valbuxán, no Concello de O Bolo, no que por certo hai tamén unha fortaleza que no seu día pertenceu ós Condes de Lemos, alí están as lembranzas das festas que vivín de nena. Vínen a Monforte a traballar e as festas patronais, aínda que tamén foron diversión e disfrute, eu asocioas sobre todo con traballo.

O pregón, por exemplo, na televisión local, en TV7 MONFORTE, traíanos de cabeza, a mín e o resto dos compañeiros, porque nos facía ir contrareloxo. Apenas tiñamos o intervalo de media hora entre gravalo e ir correndo para o estudo para poder emitilo.

Xa saben que a inmediatez é o que distingue a radio e a televisión de outros medios, así que había que informar do pregón na mesma xornada na que se pronunciaba e tiña que chegar a gravación antes de que rematara o informativo. O noso presuposto non daba para unidades móbiles nin conexións en directo, así que o inicio das patronais viña sempre marcado polas presas para poder contarlle a quen seguía o informativo como arrancaban as festas de Monforte. Festas que para nós significaban traballo extra, con programas especiais e gravacións da actuación estelar correspondente a horas intempestivas noite tras noite.

Coa crise, agora teríamolo máis fácil. Menos actuacións, menos que gravar. Claro que a polémica de si son boas ou malas festas, si hai máis ou menos cousas, é a



*eterna polémica, algo que se repite. Digo e experiencia dos 22 anos que pasei informando na radio e a televisión local. Nunca choveu a gusto de todos.*

*Pero á marxe do debate, máis aló da contía económica empregada en contratar actuacións, ou de que estas sexan mellores ou peores, eu non lles vou falar do culebrón Panorama que o mellor panorama é o das festas, quédome co espírito de confraternidade que agardo transmitan estes días que nos dispomos a celebrar. Días de reencontro coa familia e os amigos, de ledicia.*

*Con espírito de festa animo as monfortinas e monfortinos, á xente da comarca e á que nos visita, a disfrutar destas xornadas de troula. De cada un dos actos organizados para honrar a patrona, a Virxe de Monserrat, dos bailes, dos concertos, das atraccións, dos bares, restaurantes... de paseos e dos monumentos que se erguen nesta magnífica cidade epicentro dunha Ribeira Sacra que loita por ser recoñecida Patrimonio da Humanidade.*

*Monforte marca, sábeno ben os monfortinos que están fora e voltan á terra por estas datas e sabémolo os que non tendo nacido eiqui temos tamén ese sentimento de mon-for-ti-ni-da-de que tan de actualidade está agora nos distintos grupos que se van creando nas redes sociais. Non eres de Monforte se non sabes disfrutar das festas independentemente das actuacións que teñamos na Compañía.*

*Eu disfruto e agardo seguir disfrutando como unha monfortina máis, destas festas, destas terras, das suas paisaxes, dos seus monumentos e sobretudo das suas xentes. Agradezco os 22 anos adicados a Radio Principal e os 16 de TV7 porque me serviron para coñecer a moitos veciños, a unha ampla representación da*



sociedade monfortina. Políticos de todos os partidos, sindicalistas, empresarios, comerciantes, asociacións de veciños, culturais, deportivas, profesionais e traballadores de diversos ámbitos, en fin... moitísima xente. Agradezco o trato e a confianza que sempre recibín e o cariño que en todo este tempo me teñen transmitido.

Foron anos intensos os vividos entre a radio e a televisión e non solo polos informativos. Recordo grandes bebates de moita audiencia, longos programas especiais en épocas de eleccións. Persoeiros os que foi un luxo entrevistar e outros que non accedían a ser entrevistados sen non lle pasaba previamente as preguntas que lle iba facer, de todo houbo. Xente que contestaba con monosílabos, e outros que na primeira resposta xa che contestaban a tódalas preguntas. Pregoeiros, moitos ós que me tocou entrevistar, este ano mira por onde, cambiáronse as tornas, e a entrevistadora pasou a ser entrevistada.

En fin, moitas as experiencias vividas como informadora entre a radio e a televisión, algunhas tan sorprendentes como a visita que a Monforte fixo en 1998 o actual rei Felipe VI, daquela Príncipe de Asturias. Visita ó colexio de Nosa Señora da Antiga e ás obras que se facían no Mosteiro de San Vicente para convertilo en Parador de turismo. O actual presidente Mariano Rajoy tamén pasou por Monforte como Ministro de Cultura e Turismo para inaugurar unha Feira adicada ó viño da Ribeira Sacra e xa que falo de presidentes do Estado, que os autonómicos visitáronnos todos, ata o presidente Aznar veu no seu día dar un paseo polo Canon do Sil, despois de presentar na pinacoteca dos Escolapios o proxecto do Porto Seco. Seguro que se arrepiñe desa visita se sabe que aínda non funciona



*esa plataforma loxística na que o pobo de Monforte ten depositadas tantas esperanzas. Vai pasar como o conto do lobo, cando veña de verdade, cando sexa unha realidade, non o imos crer.*

*22 anos de información dan para moito e do máis variado, asuntos de todo tipo. No seu día tocou contar, por exemplo, que se inauguraba esta nova Casa do Concello. O que nunca imaxinei foi que terminaría eu traballando no edificio da vella. Así que agradezo ás persoas que, hai algo máis de un ano confiaron en min, e me ofreceron a posibilidade de seguir relacionada coa comunicación e coas xentes de Monforte a través do Centro do Viño da Ribeira Sacra. Relacionada con dous sectores estratéxicos e fundamentais para a zona, o turismo, sector ó que estou convencida lle queda aínda moito por dicir, e o do viño, pilar fundamental para a economía de moitas familias, sendo a Denominación de Orixe Ribeira Sacra un dos poucos proxectos que si contribuíron nestes anos ó desenvolvemento destas terras.*

*Pero a historia séguese escribindo cada día e teremos que agardar haber que nos depara o futuro así que, xa que falamos de viño, simbolicamente permitanme brindar cun viño da Ribeira Sacra, por un futuro esplendoroso para todos e por unhas moi boas festas.!!!! Que as disfruten!!!!!!*

*Moitas Grazas.*